



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS EN DATA VINTECINCO DE MAIO DO ANO DOUS MIL SETE.

No Salón de Actos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as vinte e un horas e vinte e un minutos do día vinte e cinco de maio do ano dous mil sete, trala correspondente convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Benito Vázquez Vázquez, da comezo a sesión extraordinaria urxente ó existir quórum suficiente e que contou coa asistencia dos seguintes concelleiros:

D. Enrique López Álvarez.
D. Celso Paz León.
D. Jesús Rodríguez Rodríguez.
D. Antonio Estévez González.
D. José Carlos Pérez Paz
D. Antonio Pérez González
D. Xesús Deibe Fernández Simo.

Actúa como Secretaria a do Concello, Dna. Beatriz Díaz Rodríguez.

Non asisten os concelleiros D. Francisco Veloso González, D. José Álvarez Pereira e D. Juan Manuel Ferreira Ferreira.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar os seguintes asuntos que conforman a orde do día:

PUNTO PRIMEIRO: RATIFICACIÓN DO CARÁCTER URXENTE DA CONVOCATORIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 79 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. Benito Vázquez Vázquez propón ó Pleno o pronunciamento sobre a urxencia do asunto incluído no punto segundo da orde do día do presente Pleno extraordinario urxente, xustificando pola premura do prazo de presentación da documentación ante a Xunta de Galicia e para evitar a perda da subvención destinada á prestación de servizos sociais polas corporacións locais.

Sometida a ratificación da urxencia a votación, resultou aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres. Vázquez Vázquez, López Álvarez, Paz León, Rodríguez Rodríguez, Estévez González e Pérez Paz (seis votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres. Pérez González e Fernández Simo (dous votos en contra).



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

PUNTO SEGUNDO: DAR CONTA Ó PLENO DA CORPORACIÓN LOCAL DO CONTIDO DO ACORDO DE PETICIÓN DA SUBVENCIÓN DESTINADA Á PERSTACIÓ N DE SERVICIOS SOCIAIS POLAS CORPORACIÓ NS LOCAIS.

O Alcalde, Sr. Vázquez Vázquez, aclara que neste punto non hai nada que votar, simplemente trátase dunha dación en conta ó Pleno da Corporación.

Por parte da Secretaria-Interventora, Sra. Díaz Rodríguez, dase lectura ó seguinte escrito da Alcaldía:

“DACIÓ N EN CONTA Ó PLENO

En data dous de marzo do ano 2007 a Xunta de Goberno Local celebrou sesión no que se adoptou, entre outros, acordo relativo á solicitude efectuada á Xunta de Galicia de subvencións destinadas a prestación de servicios sociais que literalmente dí:

SOBRE AS SOLICITUDES Á XUNTA DE GALICIA DE SUBVENCIÓ NS DESTINADAS Á PRESTACIÓ N DE SERVICIOS SOCIAIS, dada conta a orde do 31/01/2007 , pola que se regulan as axudas para mantemento, realización de programas e investimentos, destinadas á prestación de Servicios Sociais polas Corporacións Locais, e vista as memorias descritivas formuladas pola presidencia, por unanimidade ACORDASE

PRIMEIRO: Solicitar á Vicepresidencia, ó amparo da orde expresada, as seguintes axudas para Servicios Sociais de Atención Primaria, de conformidade co artigo 1, aptdo. 1 da orde:

? PERSOAL: TRABALLO SOCIAL... ..	17.664,40€
? MANTEMENTO... ..	1.800,00€
? AXUDA NO FOGAR... ..	57.626,04€
? REALIZACIÓ N DE PROGRAMAS... ..	2.125,80€

Facendo constar que o Servicio Social de Atención Primaria séguese a prestar nas mesmas condición que o ano anterior.

SEGUNDO: O Concello comprométese a consignar no seu orzamento as contías correspondentes a súa aportación, da seguinte maneira:

? PERSOAL: TRABALLADORA/R SOCIAL... ..	5.881,47€
? MANTEMENTO... ..	0€
? AXUDA NO FOGAR... ..	.0€
? REALIZACIÓ N DE PROGRAMAS... ..	.0€

TERCEIRO: En consecuencia, O PRESUPOSTO TOTAL por programas e inversións para Servicios Sociais de Atención Primaria é o seguinte:



CONCELLO DE LOBIOS

1.- PERSOAL.

-APORTACIÓN DA C. AUTÓNOMA...	17.664,40€
-APORTACIÓN DA C. LOCAL...	5.881,47€
-REMANENTE...	..0€
-TOTAL PARCIAL...	..23.525,87€

2.- MANTEMENTO.

-APORTACIÓN DA C. AUTÓNOMA...	..1.800€
-APORTACIÓN DA C. LOCAL...	0€
-REMANENTE...	..0€
-TOTAL PARCIAL...	..1.800€

3.- AXUDA NO FOGAR.

-APORTACIÓN DA C. AUTÓNOMA...	57.626,04€
-APORTACIÓN DA C. LOCAL...	0€
-REMANENTE...	0€
-TOTAL PARCIAL...	..57.626,04€

4.- REALIZACIÓN DE PROGRAMAS.

-APORTACIÓN DA C. AUTÓNOMA...	..2.125,80€
-APORTACIÓN DA C. LOCAL...	0€
-REMANENTE...	..0€
-TOTAL PARCIAL...	..2.125,80€

No modelo de solicitude de subvención efectuado pídese no apartado de investimentos a cantidade de vinteún mil euros (21.000,00 €) destinados á eliminación de barreiras arquitectónicas, cantidade que supón o 70 % do investimento total, financiando ó Concello o 30 % restante, isto é, o importe de nove mil euros (9.000,00 €).

En canto ó apartado relativo á solicitude de persoal, pídese a cantidade de dezasete mil seiscentos corenta e catro euros con corenta céntimos (17.644,40 €), cantidade que correspóndese co 75 % do total do orzamento, financiando ó Concello o 25 % restante, isto é o importe de cinco mil oitocentos oitenta e un euros con corenta e sete céntimos (5.881,47 €). Sinalar que, no caso de obter subvención para efectua-la citada citada contratación, este Concello renunciaría á colaboración da Mancomunidade e do Concello de Muíños.”

Concedida a palabra ó representante do Grupo Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, sinala que quere xustificar o seu voto en contra da urxencia, ó estar atendendo un requirimento feito pola Xunta de Galicia sobre información que debe darse á Corporación, habendo rematado xa o prazo de solicitude da subvención no mes de marzo, estando ante un fallo de eficacia na xestión. Remata a súa intervención



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

senalando que, no seu caso, votaría a favor da solicitude xa que o aumento da subvención a outorgar pola Consellería é beneficioso para os habitantes deste Concello.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente levanta a sesión, sendo as vinteún horas e vinte sete minutos do día da data do que eu, como Secretaria, dou fe

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: Benito Vázquez Vázquez

Asdo.: Beatriz Díaz Rodríguez